

SANTIAGO ,10-VII-1955.

Sr. D. Luis Seoane.

BUENOS AIRES.

Querido Luis: Fai moito tempo que che debo carta. Penso, axiña, escribir unha longa e tendida. Hoxe, rápidamente, dúas letras pra remesarche a copia do documento de adhesión que, nista mesma data, enviamos ó Presidente do Centro Galego, po-la laboura cultural que leva a cabo a nosa primeira Coleitividade. Arelamos que se lea no día de Galicia si e' que chega a tempo. En xeneral xa vós veredes o uso que facedes d-ele. Ista tua copia é, endemáis de que tí o conozas, por si o orixinal se extraviara.

Eiquí, como sabes, houbo unha tremenda campaña de prensa contra o Centro. Tamén comprendes que nós non contestáramos. Agora, iste magnífico documento, firmado po-lo millor da nosa Terra, coído eu que respaldará moralmente o esforzo que todos vós vindes facendo a pról da nosa cultura.

A tua monografía véndese moito. Xa falermos d-isto.

Saúdos garimosos de Elena e meus pra Maruxa. Pra tí unha fonda aperta de,

*Domingo*